

“Latexos do rural no Camiño parte da idea de crear un festival itinerante para dar voz a esas artistas rurais quen nas súas obras, hai moita paixón e creatividade: unha ferramenta salvadora nestes momentos que nos toca vivir, non só para comunicarnos e xerar esperanzas, senón tamen para dar a coñecer o noso ó mundo”. Con estas palabras, Rubén Riós presenta esta peregrinación artística titulada “Latexos do rural no Camiño”.

Un festival itinerante que percorre os municipios ourensáns da Mezquita, Riós, A Gudiña e Laza os sábados do mes de xuño de 2021. Esta iniciativa desenvolvida no Marco do Programa “O teu Xacobeo” nace co obxectivo de promocionar a arte no Camiño Sanabrés da Vía da Prata, en localidades que apenas conta cun milleiro de habitantes. As datas do evento son as seguintes:

? A Mezquita - Sábado 5 de xuño, Edificio Multiusos.

? Riós- Sábado 12 de xuño, Edificio Multiusos e Praza do Concello.

? A Gudiña- Sábado 19 de xuño, Edificio Multiusos e Praza Maior da Gudiña.

? Laza- Sábado 26 de xuño, Praza da Picota, Forno da Picota e Salón de Actos do Concello de Laza.

Este martes 1 de xuño no Auditorio Municipal de Verín preséntase Latexos do rural no Camiño

Este martes 1 de xuño ás 11.30h no Auditorio Municipal de Verín preséntase esta peregrinación artística co título “Latexos do Rural no Camiño”. Ao acto asistirán:

? D. Rubén Riós, en calidade de director e creador do evento.

? Representante do Programa O teu Xacobeo 2021-2022

? Autoridades representantes dos Concellos:

? Verín- Dna. Emilia Somoza, Concelleira de Cultura (en calidade de anfitrioa)

? A Mezquita- D. Rafael Pérez Vázquez, Alcalde.

? Riós- D. Francisco Armando Veiga, Alcalde.

? A Gudiña- D. José María Lago Cabo, Alcalde.

? Laza- D. Ramón Barreal Novo, Alcalde.

? Os artistas participantes nesta primeira edición:

? Paulinha D´Arzoá, acuarelista de Arzoá.

? Carmen Rivero Gallego, poeta de Laza.

? Ramón Fernández, fotógrafo ourensán

? Jorge De Álvarez, deseñador de moda vianés.

? Santi Cañaveral, actor de teatro verinés

? Representación do Conservatorio Profesional de Música de Verín.

Artistas locais potencian o rural e a peregrinaxe artística no Camiño Sanabrés da Vía da Prata

O proxecto presentará 7 disciplinas artísticas da man de artistas locais do rural ourensán. **Pauli nha D´Arzoá**
- historiadora do arte e acuarelista- dun pequeno municipio de Vilardevós exporá a súa obra,

xunto co fotógrafo e apaixoado do Camiño de Santiago,
Ramón Fernández
, que presentará unha colección de fotografías das súas viaxes polo Camiño Sanabrés. A poesía estará comandada por
Carmen Rivero Gallego
. Esta lazana xa publicou os poemarios “Nun recuncho chamado Laza” e “Berce de peliqueiros”. O actor e mestre de teatro
Santi Cañaveral
, presentará unha peza inédita sobre a súa viaxe espiritual e introspectiva no Camiño. O estilo e a moda estarán presentes da man de
Jorge De Álvarez
. O vianés vén de acadar a Medalla de Prata nos Premios Nacionais da Moda representando a Galicia. Para finalizar, a nota musical virá da man da minibanda e banda do
Conservatorio Profesional de Música de Verín
que actuará nas prazas dos Concellos e exteriores dos lugares de celebración dos eventos para dotar de ritmo aos corazóns rurais no Camiño de Santiago.

Confirmación previa de asistencia e protocolo de seguridade

Para a organización correcta do acto de presentación agradecemos nos remitan nome, DNI e teléfono dos asistentes antes do luns 31 de maio ás 22.00h.

O acceso e apertura de portas será a partir das 11.30h e o comezo do acto está previsto para as 12.00h.

Agradecemos enormemente colaboración e difusión deste evento.

--

LATEXOS DO RURAL NO CAMIÑO

Web oficial: www.latexosdoruralnocamino.com

Séguenos en redes sociais:

Facebook --> https://www.facebook.com/latexosdorural

Instagram --> https://www.instagram.com/latexosdorural

Máis información:

Andrés Rozados (679 710 540) // latexosdorural@gmail.com